



MINISTERIO
DEL INTERIOR



PRÓRROGA DO PERMISO DE CONDUCCIÓN

Pódese solicitar nos tres meses anteriores á data de fin de vixencia nos centros de recoñecemento ou nas xefaturas provinciais de Tráfico. Nos casos en que proceda, dende o estranxeiro tamén se pode solicitar.

NOS CENTROS DE RECOÑECIMENTO DE CONDUTORES

1. Acreditación de identidade e residencia:

- **DNI ou pasaporte:** orixinal en vigor.
- **Autorización de residencia ou documento de identidade do seu país ou pasaporte, xunto co certificado de inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros** para estranxeiros comunitarios: orixinal en vigor.
- **Autorización de residencia** para estranxeiros non comunitarios: orixinal en vigor.

2. Realizar unha exploración médica para a remisión telemática do informe de aptitude psicofísica.

3. Taxa IV.3: 24,10 €.

No centro realizaráselle a foto e deberá de proceder á sinatura da solicitude de prórroga.

NAS XEFATURAS PROVINCIAIS DE TRÁFICO

1. **Solicitude:** no impreso oficial dispoñible nas xefaturas de Tráfico e na páxina web da DXT (www.dgt.es).

2. Taxa IV.3 : 24,10 €.

Formas de pagamento: por internet en www.dgt.es, con tarxeta de crédito ou débito nas xefaturas de Tráfico ou con cargo na conta bancaria (modelo 791 dispoñible nas xefaturas e en www.dgt.es).

3. Acreditación de identidade e residencia:

- **DNI ou pasaporte:** orixinal en vigor.
- **Autorización de residencia ou documento de identidade do seu país ou pasaporte, xunto co certificado de inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros** para estranxeiros comunitarios: orixinal en vigor.
- **Autorización de residencia** para estranxeiros non comunitarios: orixinal en vigor.

4. Informe de aptitude psicofísica telemático comunicado ao Rexistro de Condutores por un centro de recoñecemento para condutores.

5. **Fotografía:** unha orixinal de 32 x 26 mm en cor e con fondo liso, tomada de fronte coa cabeza descuberta e sen lentes de cristais escuros nin calquera outra peza de roupa que poida impedir ou dificultar a identificación da persoa.

Cando se trate de solicitantes que pola súa relixión leven o cabelo cuberto, admitiranse as fotografías con veo. A única limitación para a súa admisión é que o óvalo do rostro apareza totalmente descuberto dende o nacemento do pelo ata o queixo, de forma que non impida ou dificulte a identificación da persoa.

6. **Talón foto:** cuberto e asinado dentro do recadro correspondente.

DENDE O ESTRANXEIRO

Cursaranse as solicitudes a través das representacións diplomáticas ou consulares coa seguinte documentación:

- Copia do resguardo do pagamento da taxa IV.3: 24,10 €.

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria polo importe exacto en euros á Xefatura Central de Tráfico:

-IBAN: ES29 2100 5731 7602 0020 4028

-SWIFT: CAIXESBBXXX

Os gastos da transferencia serán por conta da persoa interesada, que fará constar no seu concepto e por esta orde:

1. DNI – 2. Apelidos e nome – 3. Taxa de renovación permiso de conducir

- Informe de aptitude psicofísica expedido por un médico do país onde se atope a persoa interesada e visado pola misión diplomática ou oficina consular de España no devandito país, cunha fotografía recente da persoa solicitante. Deberá especificar a aptitude para a conducción.

- Talón foto: cuberto e asinado dentro do recadro correspondente

SUPOSTOS ESPECIAIS

Domicilio: en caso de cambio, comuníquese o novo domicilio.

A presentación da documentación acreditativa do domicilio de empadramento e do IAE poderá ser substituída por unha autorización expresa para que a Dirección Xeral de Tráfico leve a cabo a verificación telemática da dita información. Para isto ten que marcar o recadro correspondente no formulario de solicitude do trámite, ou ben cubrir o formulario de consentimento expreso dispoñible na sede electrónica ou nas xefaturas de Tráfico. No caso de que non se obteña información válida, a posible emenda deberase realizar mediante a presentación da documentación.

Taxa: A) Os maiores de 70 anos non pagan taxa.

B) Cando por razóns médicas a prórroga sexa por un prazo inferior ao establecido, os prezos das taxas serán as seguintes:

Ata 4 anos	19,30 €
Ata 3 anos	14,50 €
Ata 2 anos	9,70 €
1 ano ou menos	4,90 €

(Actualización: 22/06/2018)